

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLN/2021/3	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Extraordinaria Motivo: «Necesidade de aprobar o orzamento xeral e o cadro de persoal para o ano 2021. Unha vez rexeitada a súa aprobación na sesión ordinaria do 25.03.2021, plantéase unha cuestión de confianza vinculada á súa aprobación ao abeiro do artigo 197 bis da Lei orgánica 5/1985 do 19 de xuño do réxime electoral xeral»
Data	8 de abril de 2021
Duración	Desde as 21:00 ata as 22:20 horas
Lugar	Salón de Sesións
Presidida por	Fátima Abal Roma
Secretario	Miguel Rodríguez de Vicente-Tutor

ASISTENTES (17):

PSDG-PSOE (4): D^a María Cruz Leiro Peña, D. Samuel Lago Ozón, D^a Milagros Martínez Piñeiro e Sra. Alcaldesa.

SOMOS CAMBADOS (3): D. Xurxo Charlín Trigo, D. Constantino Cordal Rodríguez e D. Fernando Patricio Rey

B.N.G. (2): D. Víctor Manuel Caamaño Rivas e D^a Mariel Oubiña Vázquez.

P.P. (7): D. Luís Aragunde Aragunde, D^a María Isabel Fole Trigo, D^a Silvia Fernández Pérez, D^a Sonia Agra Piñeiro, D. Juan Ramiro Gómez Blanco, D^a Monica Montserrat Peña Otero e D. José Carlos Trigo Trigo.

CAMBADOS PODE (1): D. José Ramón Abal Varela.

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Punto Único: Cuestión de confianza vinculada á aprobación do Orzamento Municipal para o exercicio 2021



Polo Sr. Secretario dáse lectura ao seguinte escrito da Alcaldía:

“PLANTEAMENTO DUNHA CUESTIÓN DE CONFIANZA VINCULADA Á APROBACIÓN DO ORZAMENTO 2021

Esta Alcaldía someteu ao Pleno, na sesión do pasado 25 de marzo de 2021, a aprobación do orzamento e o cadro de persoal 2021. O proxecto de orzamento, formado por esta alcaldía, foi rexeitado pola maioría do Pleno Municipal.

A proposta de aprobación do orzamento de 16.03.2021 foi previamente negociada coa representación sindical deste Concello o pasado 15.03.2021 sendo obxecto de ditame na Comisión de Economía e Facenda do día 22.03.2021.

O proxecto de orzamento 2021 é froito de meses de negociación coa representación dos grupos políticos municipais e con representantes de diferentes sectores económicos e sociais de Cambados.

Ante esta situación de bloqueo institucional, é vontade decidida desta alcaldía ade sacar adiante este documento nunha situación especialmente complicada (crise sanitaria da Covid-19 con funestas consecuencias económicas e sociais) que non permite adiar por mais tempo a aprobación dun proxecto que pretendeser útil e beneficioso para a cidadanía cambadesa.

A lexislación de réxime local e a xurisprudencia atribúen á alcaldía a competencia de formación dos orzamentos municipais recoñecéndolle unha especial solidez e estabilidade no ámbito orzamentario para levar a cabo o seu programa de goberno, reservando ao Pleno a súa aprobación, emenda ou devolución.

Tendo en conta que se cumpren todos os requisitos determinados polo artigo 197 bis da Lei 5/1985 do 19 de xuño de réxime electoral xeral para o planteamento da cuestión de confianza vinculada á aprobación dos orzamentos municipais, e co ánimo de desbloquear esta situación é polo que,

PLANTEO ao Pleno municipal:

Unha cuestión de confianza vinculada á aprobación do orzamento e o cadro de persoal para o 2021, que foi obxecto de ditame en sesión da Comisión Informativa de Economía e Facenda de 22.03.2021 e de rexeitamento en sesión plenaria de 25.03.2021, nos termos previstos no artigo 197 bis da Lei 5/1985 do 19 de xuño de réxime electoral xeral.”

O Sr. Charlín Trigo (Somos Cambados) da lectura á seguinte intervención,

“Quero comezar a última intervención nesta Cuestión de Confianza con unhas palabras que non son miñas:

*«Nun momento de crise brutal, a cidadanía espera que sexamos parte da solución, máis aló das evidentes diferencias políticas, aportando propostas desde o diálogo e a negociación”.
"para sumar a favor dos galegos e das galegas.»*

Verbas pronunciadas o pasado 27 de marzo pola voceira nacional do BNG, Ana Pontón logo da súa xuntanza con Feijóo. Por que disto e do que se trata a política compañeiros.

Non se trata de aprobar a Xurxo nin ao Goberno uns Orzamentos, si non estar a altura da situación que por desgracia nos toca vivir. Trátase de aprobar un documento para que o Concello de Cambados teña maña mesmo armas para loitar contra a Pandemia, para axudar aos veciños en Servizos Sociais, para axudar aos autónomos, para mellorar os colexios... Por iso eu non vexo de que vale, se como decidis non vai a haber unha moción de censura ter que esperar un mes para poder aprobar o Orzamento.

Sinceramente non percibín argumentos de forza que impidan aprobar o documento, so críticas puntuais ou propostas demagóxicas. Se non hai problema co orzamento, un orzamento co maior gasto social e co maior gasto nas escolas da historia de Cambados e unha vez máis sen subir os impostos, cal é o problema para aprovalo?

Si o que queredes e seguir facendo un bloqueo institucional decídeo claramente pero non poñer excusas baratas, e si o problema é que non hai xestión nin proxecto político entón actuade, non vos quededes no paripé e na confrontación e presentar unha moción de censura xuntos tendes todo o dereito a facelo.



Nos pensabamos que todos aprenderiamos algo da pandemia e cos Orzamentos tentamos que foran aprobados por unanimidade, pero visto o visto parece imposible.

Repito, O pobo de Cambados non merece esta oposición.

Nos imos seguir traballando en favor dos veciños de Cambados mentres teñamos a posibilidade de facelo cos recursos que teñamos, e se ten que ser dende a oposición farémolo igual.

Este goberno a pesar da situación de bloqueo institucional sigue tendo a porta aberta a unha maioría de esquerdas en Cambados, ala cada un coas súas responsabilidades.

Este Goberno someteu ao Pleno, na sesión do pasado 25 de marzo de 2021, a aprobación do orzamento e o cadro de persoal 2021. O proxecto de orzamento foi rexeitado pola maioría do Pleno Municipal.

A proposta de aprobación do orzamento foi previamente negociada con todo o goberno municipal, cos responsables dos distintos departamentos do concello de Cambados. O orzamento 2021 é froito de meses de negociación coa representación dos grupos políticos municipais e con representantes de diferentes sectores económicos e sociais de Cambados.

Ante esta situación de bloqueo institucional, é vontade decidida deste goberno a de sacar adiante este documento nunha situación especialmente complicada (a crise sanitaria da Covid-19 con funestas consecuencias económicas e sociais) que non permite adiar por mais tempo a aprobación dun proxecto que pretende ser útil e beneficioso para a cidadanía cambadesa. Pero ante a negativa dos Grupos da Oposición de aprobar o documento nos obriga a recorrer a cuestión de Confianza para poder sacalo adiante.

Ao non haber acordo e non aprobarse as emendas presentadas ao orzamento no pasado pleno do mes de marzo, o Goberno municipal do Concello de Cambados trae a este pleno o mesmo documento.

Non vou insistir en volver a explicalo pero si vou repetir varios conceptos para que queden claros, xa que quero puntualizar unha serie de detalles, por que ou ven non se entenderon ou quere enganarse aos veciños.

Estes orzamentos teñen como prioridade absoluta axudar a aquelas persoas e colectivos máis afectados pola pandemia. Así, con respecto ao orzamento municipal de 2015 do Partido Popular no que o gasto corrente en servizos sociais era de 249.000 euros, incrementábase o mesmo ata os 590.400 euros a partida destinada a Servizos Sociais, moito máis do dobre.

Mantéñense as subvencións destinadas a todos os clubs deportivos e asociacións culturais con respecto ao ultimo orzamento, a pesar de que desde o inicio da pandemia as restricións decretadas pola Xunta e as autoridades sanitarias están a limitar a súa actividade ata o punto de case paralizar estes sectores. Somos conscientes do importante labor que fan os clubs deportivos e asociacións culturais, polo que se incrementaron novas axudas nominativas para novos investimentos para Asociacións de Cambados.

E todo sen subir os impostos, e sen recorrer ao endebedamento do Concello.

Dito isto quero incidir en varias cousas que a pesar de matizalas no anterior pleno parece que algún grupo da oposición non se enterou ou quere enganar aos veciños.

Incrementase o investimento en educación, cun incremento que triplica o investimento no Plan Madruga e na partida destinada a limpeza e desinfección de todos os centros de ensino público. Non é certo que o mantemento dos colexios sexa de 10.000 euros, é de 45.000 euros, e ademais a Limpeza ten unha partida de 110.000 euros, e o Plan Madruga de 25.000 euros, incluíndo unha nova partida de 10.000 euros de investimentos para centros escolares, que non é o mesmo que o mantemento.

En Medio ambiente tampouco se pode dicir que só se destinan só 10.000 euros neste ano, cando por primeira vez na historia de Cambados temos un Obradoiro de Emprego único e exclusivamente destinado a esta materia, ademais de contar con outras paridas, como mantemento de xardíns ou subvencións de outras administracións que incrementaron o gasto corrente en medio ambiente.

Polo tanto este é o ano no que o Concello de Cambados destina mais fondos de gasto corrente a Medio Ambiente, e presentamos uns Orzamento co maior gasto social e o maior gasto en educación da historia de Cambados.

Con respecto as Obras, non se inclúen no documento por un criterio de intervención, non obstante se vos trasladaron na Comisión Informativa e mesmo algunhas delas foron



*propostas polos grupos da oposición, e inda que votedes agora en contra imos facelas igual. **No tócate aos Salarios** simplemente dicir dúas cousas: en primeiro lugar, que quede claro, que incluír esta partida nos orzamentos non quere dicir que vaíamos a cobrar, iso é mentira. E en segundo lugar, que xa o dixemos por activa e por pasiva, renunciámos a eles, e mesmo se presentou unha emenda para sacalos do documento e fochedes vos quen vos votaron en contra de que puidermos renunciar a eles.*

Despois de todo isto sigo sen entender cal é o problema para aprobar os orzamentos, esta é a segunda vez que se traen a pleno, levamos xa con esta 16 reunións, e poderían ser máis se algúns viñerades as reunións as que estabades convocados.

Empezamos coa elaboración dos orzamentos en setembro e poderíamos levalos ao pleno de xaneiro ou febreiro, pero demos máis prazo para tentar chegar a un acordo que os permitira aprobar sen ter que chegar a esta situación.

Hai quen di que non pasa nada por esperar, e hai quen di que chega tarde, o que esta claro que canto máis tarde se aproben máis difícil vai ser executalos.

Eu volvo a pedir por favor que pensedes nos veciños, repito o orzamento máis social e con maior gasto nas escolas da historia de Cambados, que teñades un xesto para demostrar que non só queredes o bloqueo institucional de Cambados.

Estamos nun tempo en que os veciños esperan de nos que sexamos capaces de chegar a acordo, e nos renunciámos a todo para chegar a ese acordo, e inda así vos votades en contra do Orzamento.

Por ultimo, fíxeches des referencia ao victimismo do goberno e falades de discursos lacrimóxeos ou que queremos dar pena. Non vou a dicir que non, e sabedes por que? Por que os membros deste goberno sentimos Cambados, somos sensibles ante a situación que están a sufrir moitos veciños de Cambados, por iso estamos dispostos a renunciar a todo, repito renunciar a todo, para poder aprobar un orzamento que nos sirva de ferramenta para poder axudar aos veciños, pero pola contra vemos como a oposición ven aquí a falar de todo menos do orzamento.

Acusádenos de facer un paripé, cando pola contra vos decidés publicamente que non ides facer unha moción de censura, polo que sodes vos os que estades a facer o paripé hoxe aquí se non se aproba a cuestión de confianza.

E sinceramente para rematar penso que os veciños de Cambados non merecen esta oposición.

O Sr. Abal Varela (Cambados Pode) di que o goberno leva ano e medio ameazando aos representantes a oposición coa presentación dunha cuestión de confianza.

De igual maneira, di que o Sr. concelleiro de economía e facenda, ameazou aos vendedores ambulantes e a alcaldesa insultouno públicamente.

Da conta do ofrecemento dunha dedicación exclusiva ao representante do Partido Popular a cambio da aprobación dos orzamentos.

Fai referencia á pregunta efectuada en relación ás actas levantadas nas reunións mantidas con representantes dos sectores económicos.

Denuncia o despilfarro económico que hai no Concello e de que o resultado económico do mesmo é negativo.

Pregunta por se a alcaldesa vai volver a viaxar con catro persoas a Fitur.

Di que o Partido Popular non estivo á altura ao non apoiar á emenda que pretendía apoiar aos sectores económicos afectados.

Di chocarlle a partida orzamentaria dedicada a praza de abastos por importe de



15.000 euros.

O Sr. Caamaño Rivas (BNG) di que o borrador dos orzamentos presentouse con dez días de antelación.

Di que a realidade é que hai un Pleno municipal cun goberno con tan só dez concelleiros que non tende pontes e consenso.

Da conta de que noutras ocasións se chegou a acordos sen necesidade de publicar fotos.

Manifesta que o BNG vai votar en contra da confianza ao goberno municipal, así está a confianza a día de hoxe.

Di que non van propoñer nin apoiar unha moción de censura en Cambados e que no ano 2019 comprometéronse a que non habería un goberno de dereitas en Cambados.

Pregúntase se os membros do goberno non saben como se negocia. Di que non existe ningunha razón para cambiar o voto contrario e manifestase claramente en contra da presentación dunha moción de censura.

O Sr. Cordal Rodríguez (Somos Cambados) di que vai ser breve na súa intervención.

Manifesta que nos atopamos ante unha triste realidade. Manifesta que se fala de reunión pero obvianse as dificultades que existían para reunirse en plena pandemia cun estado de alarma declarado.

Argumenta que non se sabe estar á altura das circunstancias e da a impresión de que se xogou de forma impropia coa cidadanía cambadesa.

Deberá tomarse nota e comprobar que con esta oposición é difícil chegar a acordos no marco dun debate negativo para a veciñanza.

O Sr. Lago Ozón (PSdeG-PSOE) manifesta que a aprobación dos orzamentos constituíu unha oportunidade de participar, de aportar e de facer concesións.

Sinala que os orzamentos son unha ferramenta de traballo para os veciños de Cambados e que a día de hoxe se atopan prorrogados ante unha situación moi distinta á do momento no que foron elaborados.

Afrontouse un incremento de gastos en servizos sociais, en desinfección cunha nova partida de investimentos.

Afirma que se se van aprobar de forma automática o mais sensato é aprobar os orzamentos agora e non retrasar a súa aprobación un mes máis.

O Sr. Aragunde Aragunde (PP) nega que se renunciase a todo por parte do goberno municipal, tal e como argumentou o Sr. Charlín Trigo.

Sinala que o goberno está en minoría e non se chegou a ningún acordo foi porque o



gobierno municipal non quixo.

Di que o 90 % do orzamento é gasto corrente e de persoal e non se negocian as obras que se presentan incluso presentando algunhas que poderían agardar dous anos mais.

Sinala que non había intención de negociar por parte do goberno municipal que tan só estaba interesado nos salarios.

Fala de propostas concretas do Partido Popular como a de Burgáns.

Di que desde setembro ata marzo non se presentaron estes orzamentos. Adianta o voto en contra do seu grupo político municipal.

O Sr. Charlín Trigo (Somos Cambados) da conta das contradicións amosadas polo voceiro do Grupo Mixto Cambados Pode e da necesidade de subir impostos para levar a cabo as súas propostas.

Critica que o portavoz do PP critique a xestión municipal tendo en conta a débeda que acumulou o seu equipo de goberno,

Critica, igualmente, o posicionamento do BNG rompendo a maioría de esquerdas e a política de bloqueo levada a cabo.

O Sr. Abal Varela (Somos Cambados) cualifica de manipulador e mentireiro ao concelleiro delegado de economía e facenda.

Defende que existe un superávit de 437.000 € e que se propón que este se destine a axudas.

A Sra. Alcaldesa matiza que é preciso aprobar o orzamento cun superávit pola necesidade de paliar o remanente de tesouraría negativo.

O Sr. Abal Varela (Grupo Mixto Cambados Pode) di que subirá o informe da Interventora Municipal ás redes sociais para demostrar que existen dúas opcións:

- a) Aprobar o orzamento con superávit por importe do remanente de tesouraría negativo.
- b) Concertar unha operación de crédito por ese importe a efectos de aprobar axudas directas.

O Sr. Caamaño Rivas (BNG) di que se abstiveron en todas as emendas e nunca dixeron que ían aprobar o orzamento senón que tiñan vontade de negociar.

Considera que non houbo boa predisposición do goberno e maniféstase sorprendido en que lle molesten tanto os escritos que presenta a oposición por Rexistro.

O Sr. Cordal Rodríguez (Somos Cambados) critica a actitude levada a cabo polo voceiro do Grupo Mixto Cambados Pode no curso do Pleno. Di que é positivo que os medios de comunicación e as redes sociais reproduzan o que se fala nos Plenos



O Sr. Lago Ozón (PSdeG-PSOE) manifesta que o 07.10.2020 o portavoz do BNG dicía na prensa que apoiaríaa os orzamentos, non así os salarios.

O Sr. Cordal Rodríguez (Somos Cambados) mantén que a oposición di que a liña vermella eran os salarios e agora que se retiran tampouco se apoian.

O Sr. Lago Ozón (PSdeG-PSOE) di que si se atenderon peticións do PP (servizos sociais, mantemento de instalacións deportivas, limpeza e desinfección, parques e xardíns e mesmo os salarios). Manifesta que si se contemplaron obras demandadas polo PP.

Defende diversas actuacións proxectadas por parte do goberno municipal (asfaltado e reordenación do polígono industrial, reforma da praza de Fefiñáns, pavimentacións de camiños nas parroquias, tubaría da ponte de Castrelo, reforma da praza da Xuventude; mellora ambiental e paisaxística do centro de Corvillón, investimento en parques infantís).

O Sr. Aragunde Aragunde (PP) da conta das listas de agarda de dous meses en Servizos Sociais; da acumulación de funcións de auxiliares administrativos en obras e servizos sociais; defende que viñeron 26 millóns de investimentos para Cambados na súa etapa de goberno e que aínda non se executou a Praza de Abastos. Adianta que votarán en contra da proposta.

O Sr. Charlín Trigo (Somos Cambados) pide que se aporten propostas para sumar citando a voceira do BNG, Ana Pontón.

Di que se precisa un documento para traballar e insta á oposición a presentar unha moción de censura para evitar o bloqueo institucional.

A Sra. Alcadesa di que unha cuestión de confianza é un mecanismo legal e se pode vincular a aprobación dun orzamento e se atopa regulada no artigo 197 da LOREG, non se trata de ningunha ameaza.

Di que son orzamentos necesarios para a cidadanía de Cambados e se trata dunha medida de responsabilidade política da que carecen os partidos da oposición.

Di querer suliñar que os concelleiros que hoxe votan en contra dos orzamentos tiveron salarios mais altos que os que ten a alcaldía.

Lembra que o Sr. Aragunde Aragunde tiña unha dedicación exclusiva, un concelleiro con dedicación parcial e tres asesores.

Pregúntase cal é o motivo de facer agardar aos veciños de Cambados se non se vai apoiar unha moción de censura.

En relación ás acusacións de Sr. Abal Varela de chamalo “sinvergónza” nun Pleno di que xa pediu desculpas e que el as aceptou.

Sinala que o Sr. Abal Varela tildouna de “mentirosa”, “farsante” sen retractarse e que outros representantes políticos fixéronse fotos diante da casa do seu pai sen



retractarse a día de hoxe.

Defende que a viaxe de Fitur foi mais económica que as levados a cabo polo Sr. Abal Varela na súa etapa de mandato.

A continuación cede a palabra ao Sr. Secretario para que explique a forma de votación a levar a cabo.

O Sr. Secretario explica que a votación efectuarase, en todo caso, mediante o sistema nominal de chamamento público de acordo co disposto no artigo 197.2 da Lei 5/1985 do 19 de xuño de réxime electoral xeral.

Sinala que de acordo co Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e do Regulamento Orgánico Municipal a votación realizárase mediante chamamento por orde alfabética de apelidos e sempre en último lugar o Presidente e na que cada membro da Corporación, ao ser chamado, resposta en voz alta “si”, “non” ou “me absteño”.

Con posterioridade procédese ao chamamento e votación co seguinte resultado:

	SI	NON	Abstención
ABAL VARELA, JOSE RAMON		X	
AGRA PIÑEIRO, SONIA		X	
ARAGUNDE ARAGUNDE, LUIS		X	
CAAMAÑO RIVAS, VICTOR MANUEL		X	
CHARLIN TRIGO, XURXO	X		
CORDAL RODRÍGUEZ, CONSTANTINO	X		
FERNÁNDEZ PÉREZ, SILVIA		X	
FOLE TRIGO, MARIA ISABEL		X	
GOMEZ BLANCO, JUAN RAMIRO		X	
LAGO OZÓN, SAMUEL	X		
LEIRO PEÑA, MARIA CRUZ	X		
MARTINEZ PIÑEIRO, MILAGROS	X		
OUBIÑA VAZQUEZ, MARIEL		X	
PATRICIO REY, FERNANDO	X		
PEÑA OTERO, MONICA MONTSERRAT		X	
TRIGO TRIGO, JOSÉ CARLOS		X	



ABAL ROMA, FÁTIMA	x		
-------------------	---	--	--

O Sr. Secretario anuncia o resultado de votación de sete votos a favor dos concelleiros Sra. Abal Roma, Sr. Lago Ozón, Sra. Leiro Peña, Sra. Otero Piñeiro, Sr. Cordal Rodríguez, Sr. Charlín Trigo, Sr. Patricio Rey e dez en contra dos concelleiros Sr. Aragunde Aragunde, Sra. Fole Trigo, Sra. Fernández Pérez, Sra. Agra Piñeiro, Sr. Gómez Blanco, Sra. Peña Otero, Sr. Trigo Trigo, Sr. Caamaño Rivas, Sra Oubiña Vázquez e Sr. Abal Varela polo que se acorda rexeitar a cuestión de confianza anterior.

Seguidamente, e de acordo co artigo 197 bis 5 da Lei Orgánica 5/1985 do 18 de xuño de réxime electoral xeral anuncia que se apertura prazo dun mes para a presentación dunha moción de censura con candidato alternativo a alcalde.

Se non se presenta ou esta non prospera entenderase outorgada a confianza e aprobado o proxecto de orzamento e o cadro de persoal para o 2021.

E non tendo máis asuntos que tratar, a Sra. Alcaldesa da por rematada a sesión, na data e hora indicada no encabezamento, de todo o que eu como secretario, dou fe extendendo a presente acta, a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, segundo o disposto no artigo 206 do R.O.F.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

